

# As tentacións e perigos da obediencia á autoridade



«Aínda que se poderían criticar algunhas das súas afirmacións, Frank Bruni escribe hoxe no *New York Times* unha interesante e incisiva columna sobre unha nova película independente titulada *Compliance* que explora o desexo humano de seguir e obedecer á autoridade.

Baseada en sucesos reais que tiveron lugar nun McDonalds de Kentucky, a película dramatiza unha chamada de teléfono dun bromista que finxindo ser un axente de policía manipula a un supervisor para que abuse dunha empregada dun modo cada vez máis cruel e sádico, culminando, finalmente, nun ataque sexual. E faino insistindo en que o abuso é necesario para axudar nunha investigación policial oficial sobre un delito menor.

Este episodio particular formou parte dunha serie de enganos similares e case sempre levados a cabo con éxito ao longo de polo menos dez anos, nos cales empregados de restaurantes foron manipulados para obedecer ordes retorcidas deste mesmo home, que finxía á outra liña do teléfono ser un axente de policía.

Bruni apunta correctamente a primeira das cuestións que se presenta: *De que cousas se pode chegar a convencer á xente e que acatarán dunha figura de autoridade con suficiente habilidade e astucia?* Esta pregunta foi respondida hai cincuenta anos polo famoso experimento levado a cabo polo psicólogo Stanley Milgram, no cal unha figura de autoridade cunha bata branca indicaba aos participantes que subministraran o que se lles dicía que eran descargas eléctricas progresivamente maiores a alguén noutro cuarto a quen non podían oír nin ver. Mesmo no momento en que os berros se volveron enxordecedores e agonizantes, conseguíuse que dous terzos dos participantes administraron as maiores descargas eléctricas.

Do modo máis perturbador, mesmo aínda que moitos expresasen preocupación e dúbidas, continuaron obedecendo a autoridade ata que os berros se detiveron. Supostamente debido á morte (experimentos

posteriores replicaron estes resultados). Como sinalou Gregorio Billikopf da Universidade de California, o experimento de Milgram «ilustra a reticencia da xente a opoñerse a aqueles que abusan do poder, mentres obedecen xa sexa por medo xa sexa por un desexo de aparentar ser cooperativos —mesmo indo contra as súas mellores intencións e desexos».

[Bruni] suxire que é esta dinámica a que impulsa a lealdade partidista irreflexiva («O máis distintivo da actual elección presidencial e da nosa cultura política [é]... o grao incondicional en que os partidarios apoian cada orde, demanda e estratagemas do seu bando»), así como as numerosas fraudes políticas importantes, dende as armas de destrución masiva de Sadam ata a falsificación do certificado de nacemento de Obama. A xente acepta gustosa tales afirmacións faltas de evidencia «porque a alternativa significa enfrontarse directamente á falsidade de polo demais autoridades respectadas, cambiando a calma da certeza pola inquietude da dúbida».

Un dos meus primeiros posts cando empecei a escribir sobre política no ano 2006 trataba da veneración cega, semellante a un culto, que a dereita estadounidense levantara en torno a George Bush; como Paul Krugman foi un dos primeiros en observar, tratábase da mesma molesta sede de adoración ao líder que guiaba os seguidores de Barack Obama (Krugman en febreiro de 2008: «a campaña de Obama parece achegarse perigosamente a un culto á personalidade. Non tivemos xa suficiente coa administración Bush, recorden a súa aparición no portaavións en traxe de piloto de combate? Queremos regresar ao mesmo?»).

Sempre hai algo que engadir sobre este tema en canto a súa centralizade en configurar o comportamento individual e colectivo é máis ou menos universal. Pero quero subliñar sobre todo dous puntos:

*Primeiro*, hai moitas institucións cuxo obxectivo é salvagardar á xente fronte a esta doada indución de confianza cega e obediencia á autoridade. A máis obvia é o periodismo, o cal, cando cumpre a súa función, serve como un contrapeso contra a autoridade política ao someter as súas afirmacións a escepticismo e escrutinio, e por actuar en xeral como unha forza de oposición. Pero hai outras institucións que deberían desempeñar un papel similar.

Unha é a Universidade, un lugar onde o posto permanente pretende asegurar que as ortodoxias máis sagradas da autoridade sexan sometidas a unha análise irreverente e imparabile. Outra é o poder xudicial federal, cuxos membros son nomeados de por vida para darlles o poder, á marxe de cal sexa o sentimento popular, de impoñer límites

aos actos das autoridades políticas e protexer os máis marxinados e menosprezados da sociedade.

75 Pero é doado observar con que frecuencia estas institucións se poñen do lado do poder antes que contra el, con que ganas ofrecen os seus instrumentos profesionais e intelectuais para xustificar e glorificar os actos da autoridade política antes que desafialos ou subvertelos. Ocasionalmente protestarán por pequenos desacordos cos actos oficiais, pero as súas enerxías están principalmente dedicadas a fortalecer a  
80 lexitimidade da autoridade institucional e, en correspondencia, a menosprezar os que foron marxinados ou prexudicados por esta.

Máis que ningunha outra cousa, é este fallo institucional o que explica os desastres da pasada década. Non hai virtualmente ningún contrapeso ao desexo humano de seguir e obedecer á autoridade porque as  
85 institucións para prover ese contrapeso —medios, universidade, poder xudicial— fan o oposto: son os máis fieis serventes deses centros de poder.

*Segundo*, é doado facer que a xente vexa a opresión e a tiranía en lugares afastados, pero moi difícil conseguir que a vexan nas súas  
90 propias vidas («*Como te atreves a comparar o meu país coa tiranía X; nós somos libres e eles non*»). En parte isto explícase pola forma en que o desexo configura a percepción. Un de modo natural quere crer que a opresión é algo que só acontece noutros lugares porque un se sente a gusto coa súa propia situación («*Son libre, a diferenza desa pobre xente noutros lugares*»). Pensar deste modo tamén libérao a un da obriga de  
95 actuar: alguén que cre que está libre de opresión non sentirá presión para asumir dificultades ou riscos á hora de opoñerse a ela.

Pero o factor máis significativo é que un pode sentirse libre mesmo en medio da máis intensa opresión política simplemente poñendo a súa fe e a súa confianza nas institucións.  
100

Por suposto, a xente que pensa e se comporta deste xeito non sente ningunha opresión. Esa é a recompensa polo seu bo e submisivo comportamento. Como Rosa Luxemburgo expresouno: «*Aqueles que non se moven, non notan as súas cadeas*».  
105

Pero o feito que os cidadáns bos e obedientes non perciban a opresión non significa que a opresión non exista. Se unha sociedade é libre non se define polo trato que dá aos cidadáns compracentes e conformes —tales persoas non son molestas para a autoridade— senón polo trato aos disidentes e minorías marxinadas.  
110

Nos EE.UU., aquelas persoas que son detidas en aeroportos e ven como os seus portátiles e *notebooks* son confiscados pola policía sen

mandamento xudicial a causa das películas que rodan ou o activismo político co que se comprometen; ou que son sometidos a vixilancia estatal a pesar de non haber evidencia ningunha de ter cometido algo  
115 ilícito; ou aqueles que son perseguidos e encarcerados durante décadas —ou mesmo executados sen o debido proceso— por expresar puntos de vista políticos ou relixiosos considerados perigosos polo goberno.

A tentación de someterse á autoridade examinada en *Compliance* reafirma a cultura autoritaria ao transformar as súas institucións máis importantes en serventes do poder antes que nos seus contrapesos. Pero  
120 peor, oculta a presenza da opresión ao asegurar que a maioría dos cidadáns elixan seguir, confiar e obedecer a autoridade, que non experimenten persoalmente a opresión e ademais non crean —rexeiten crer— que en verdade existe.»

Glenn Greenwald, «Film highlights the temptations and perils of blind obedience to authority», *The Guardian*, 26 de agosto de 2012.

### Actividades

1. Sinala a correcta das tres alternativas posibles:

- a) En xeral, na súa relación coa autoridade a xente:
  - é desobediente
  - é obediente
  - non é nada cooperativa
- b) Os partidarios dos partidos apoian o seu bando dun modo:
  - nada condicional
  - sempre condicional
  - moi condicional
- c) Á xente cústalle enfrontarse á autoridade porque para eles a desobediencia é:
  - fonte de inquietude
  - tranquilizadora
  - intranquilizadora
- d) Entre as institucións que deberían coidar que non se obedeza cegamente está:
  - o periodismo
  - a Universidade
  - ambas
- e) Para limitar os actos da autoridade política, os xuíces son nomeado nos EE.UU.:
  - por tempo limitado
  - de por vida
  - polo poder político
- f) O desexo é:
  - oposto á percepción
  - igual á percepción
  - configura a percepción
- g) Que os cidadáns bos e obedientes non perciban a opresión significa que:
  - non existe
  - a sociedade é libre
  - non ten relevancia
- h) Se unha sociedade é libre se determina polo trato que dá aos:
  - disidentes
  - minorías marxinadas
  - privilexiados

- 2. Cal é a conclusión do experimento de Milgram con respecto a relación da xente co poder? (liñas 28-36).
- 3. Explica a relación entre a obediencia cega á autoridade e a lealdade partidista irreflexiva. (liñas 37-46).
- 4. En que grao institucións como o periodismo, a Universidade e o Poder xudicial cumpren a súa función de protexer á xente fronte ao perigo da obediencia cega á autoridade? (liñas 74-87).
- 5. Por que é difícil que a xente vexa as restricións á liberdade que sofren na súa vida e no seu país? (liñas 88-97).